



CONCESIONARIOS E TALLERES DE VENDA E REPARACIÓN DE VEHÍCULOS

Segundo os datos de Seguridade Social no período comprendido entre abril do 2008 e abril do 2011 pecharon na Galiza 164 empresas do sector da venda e reparación de vehículos, o que significou a perda de máis de 2.000 postos de traballo.

Este sector, que da emprego ao redor de 10.300 traballadores e traballadoras, está a sufrir as consecuencias da crise financeira malia os miles de millóns de euros que o goberno está a facilitando ás grandes construtoras de automóbiles. Os concesionarios e os talleres de reparación de vehículos precisan de atención específica, dedícanse a actividades económicas e teñen modelos de negocio diferentes.

A caída nas vendas de vehículos, que se agudizou durante este ano 2011, significa menos garantías, menos revisións e menos traballo para os talleres, polo que de continuar esta baixada nas vendas o volume de emprego no sector vaise reducir drasticamente.

Consideramos necesario tomar unha serie de iniciativas encamiñadas a:

- Reactivar as axudas a compra de vehículos.
- Crear liñas de axuda para reparación de vehículos.
- Estimulación a compra con medidas de financiación axeitadas para os compradores/as.
- Normalizar a fiscalidade do automóbil.
- A defensa do emprego de calidade con que conta o sector e o asentamento do mesmo nun momento no que a continuidade e viabilidade de moitos centros de traballo está en perigo, coa conseguinte desaparición dos postos de traballo.
- Evitar despedimentos neste período e nesta conxuntura para que a man de obra cualificada siga no sector.
- Desenvolver plans de formación para a cualificación do sector, aproveitando os períodos inactivos das empresas.
- Apoio as empresas e traballadores/as que se vexan abocados a presentación de EREs, con complementos das prestacións de desemprego e mesmo axudas o pago das cotas da Seguridade Social.
- Habilitar liñas especiais de avais que garantan o sector viabilidade económica das empresas integradas nesta actividade.

Nós como clase traballadora temos que seguir loitando, reclamando e mobilizándonos socialmente para acadar as nosas xustas reivindicacións.

Somos nós, os traballadores e traballadoras, os que coa presión política e coa mobilización temos que defender o sector.

**POLA DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO
LOITA E MOBILIZATE CON NÓS**